
A DERRADEIRA HISTORIA

XOVES 15 XANEIRO 2026
Auditorio de Galicia, 20:30 h

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA
Thomas Dausgaard, director

HISTORIAS

REAL
FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA



PROGRAMA

ANTON BRUCKNER (1824-1896)

Sinfonía núm. 9 en re menor (WAB 109)

I. *Feierlich, misterioso*

II. *Scherzo. Bewegt, lebhaft - Trio. Schnell*

III. *Adagio. Langsam, feierlich*

IV. *Finale. Misterioso. Nicht Schnell*

(Reconstrución de John A. Phillips e
Giuseppe Mazzuca)

ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA

Creada en 1992 polo Concello da Coruña, cidade en cuxo Palacio da Ópera ten a súa sede, a Orquestra Sinfónica de Galicia (OSG) é unha das agrupacións orquestrais de maior proxección en España ademais dunha marca internacional con seguidores nos cinco continentes a través da súa canle de YouTube.

A OSG, cuxo director titular desde a tempada 2023-24 é Roberto González-Monjas —quen tomou o relevo de Dima Slobodeniouk, director da formación entre 2013 e 2022—, e que conta con Víctor Pablo Pérez como director honorario e José Trigueros como director asociado, foi orquestra residente do Festival Rossini de Pésaro entre 2003 e 2005 e do Festival Mozart da Coruña desde a súa creación en 1998. Ademais, a súa presenza nacional e internacional foi constante, con concertos nas principais salas de España e con varias xiras por Alemaña e Austria. Desde 2023 participa regularmente no Festival Musika-Música de Bilbao. En 2007 realizou unha xira por América do Sur —con concertos en Chile, Arxentina, Brasil e Uruguai—; a finais de 2009 presentouse na histórica sala do Musikverein de Viena e, en 2016, ofreceu dous concertos nos Emiratos Árabes Unidos.

Tanto nos seus concertos internacionais como nos seus programas de abono, a OSG contou con solistas como Anne-Sophie Mutter, Isabelle Faust, Maurizio Pollini, Krystian Zimerman, Grigory Sokolov, Frank Peter Zimmermann, Maria João Pires, Elisabeth Leonskaja, Dmitri Sitkovetsky, Stefan Dohr, Alice Sara Ott, Gil Shaham, Sarah Chang, Leonidas Kavakos, Arcadi Volodos, Mischa Maisky, Javier Perianes ou Christian Lindberg, por citar só algúns.

Con ela cantaron Bryn Terfel, Ewa Podleś, Plácido Domingo, Juan Diego Flórez, Simon Estes, Leo Nucci, Alfredo Kraus, Teresa Berganza, Matthias Goerne, María Bayo, Ainhoa Arteta, Mirella Freni, Ann Murray, Amanda Rocroft, Ildar Abdrazakov, Hildegard Behrens, Eva Marton, Giuseppe Giacomini, Philip Langridge, Carlos Chausson, Raúl Giménez, Isabel Rey, Carlos Álvarez, Ana María Sánchez ou Giuseppe Sabbatini, sempre baixo a batuta de mestres como Dima Slobodeniouk, Gustavo Dudamel, Lorin Maazel, Eliahu Inbal, Neville Marriner, Mikhail Jurowski, Ton Koopman, Guennadi Rozhdestvensky, Libor Pešek, Maurizio Pollini, Christoph Eschenbach, James Judd, Stanisław Skrowaczewski, Richard Egarr, Daniel Harding, Jesús López Cobos, Osmo Vänskä, Alberto Zedda, Yoav

Talmi, Raymond Leppard, Carlo Rizzi, Josep Pons, John Nelson, Gianandrea Noseda, Ron Goodwin ou Manfred Honeck, entre outros.

Na súa discografía para selos como Deutsche Grammophon, Sony, BIS, EMI, Decca, Koch, Naïve, BMG e Arts figuran nomes como Juan Diego Flórez, Kaori Muraji, Peter Maag, Antonio Meneses, Iván Martín, Manuel Barrueco —co que foi candidata ao Grammy 2007 ao mellor álbum clásico do ano—María Bayo, Plácido Domingo, Juan Pons ou Ewa Podleś, entre outros.

A OSG converteu a súa canle de YouTube no máis visto do sector en España e nunha das máis visitadas a nivel europeo: con máis de cen mil subscritores, os vídeos da OSG superaron os trece millóns de visualizacións no último ano, procedentes dun total de 227 países. O éxito internacional da súa canle e as retransmisións en *streaming* HD iniciadas na tempada 2014-15 deron lugar ao seu nomeamento ao Classical:Next Innovation Award 2015.

Premiada coa Medalla de Ouro da Real Academia Galega de Belas Artes e é Premio Cultura Galega da Música 2010, a OSG está financiada polo Concello da Coruña, a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña.

DIRECTOR

Thomas Dausgaard

VIOLÍNS I

Olatz Ruiz de Gordejuela Aguirre*****

Massimo Spadano*****

Ludwig Dürichen****

Iana Antonyan

Sara Areal Martínez

Ruslan Asanov

Caroline Bournaud

Gabriel Bussi

Regina Laza Pérez-Blanco

Dominica Malec Andruszkiewicz

Dorothea Nicholas

Ángel E. Sánchez Marote

Mihai Andrei Tanasescu Kadar

Florian Vlashi

Roman Wojtowicz

VIOLÍNS II

Fumika Yamamura***

Adrián Linares Reyes***

Gertraud Brilmayer

Lylia Chirilov

Marcelo González Kríguer

Deborah Hamburger

Enrique Iglesias Precedo

Helle Karlsson

Gregory Klass

Stefán Marinescu

Diana Poghosyan Mirzoyan

VIOLAS

Eugenia Petrova***

Francisco Miguens Regozo***

Andrei Kevorkov*

Raymond Arteaga Morales

Alison Dalglish

Despina Ionescu

Jeffrey Johnson

Jozef Kramar

Luigi Mazzucato

Karen Poghosyan

Wladimir Rosinskij

VIOLONCELLOS

Rouslana Prokopenko***

Raúl Mirás López***

Gabriel Tanasescu*

Andrea Fernández Ponce

Berthold Hamburger

Scott M. Hardy

Florence Ronfort

Ramón Solsona Massana

CONTRABAIXOS

Diego Zecharies***

Todd Williamson*

Mario J. Alexandre Rodrigues

Douglas Gwynn

Jose F. Rodrigues Alexandre

FRAUTAS

Claudia Walker Moore***

M^a José Ortuño Benito**

Juan Ibáñez Briz*

ÓBOES

David Villa Escribano***

Carolina Rodríguez Canosa*

CLARINETES

Juan Antonio Ferrer Cerveró***

Iván Marín García**

Pere Anguera Camós*

FAGOTS

Steve Harriswangler***

Mary Ellen Harriswangler**

Alex Salgueiro *

TROMPAS

Nicolás Gómez Naval***

Marta Isabella Montes Sanz***

David Bushnell**

Manuel Moya Canós*

Amy Schimelmann*

TROMPETAS

Manuel Fernández Álvarez***

Javier Lasarte Puyuelo*

TROMBÓNS

Jon Etterbeek***

Óscar Vázquez Valiño***

TUBA

Jesper Boile Nielsen***

PERCUSIÓN

Fernando Llopis Mata***

José A. Trigueros Segarra**

José Belmonte Monar*

Alejandro Sanz Redondo*

ARPA

Celine C. Landelle***

MÚSICOS CONVIDADOS PARA ESTE PROGRAMA**VIOLÍNS II**

Carolina Fuentes Núñez

Marina Hermida Rodríguez

Daniel Rodríguez Castiñeira

CONTRABAIXOS

Marco Behtash*

Rui Pedro Rodrigues

ÓBOES

Sílvia Esaín Nagore *

TROMPAS

Max Santos Rodríguez*

Millán Molina Varela*

William Simon Lewis*

Alba Ábalo Fontán*

TROMPETAS

Alejandro Vázquez Lamela**

TROMBÓN TENOR

Esteban Méndez Chaves*

THOMAS DAUSGAARD

DIRECTOR

Director danés de proxección internacional, Thomas Dausgaard é unha das figuras musicais máis singulares da súa xeración, recoñecido pola profundidade do seu pensamento musical, o seu enfoque innovador da programación e unhas interpretacións de grande intensidade expresiva, cualificadas por *The Times* como «cataclísmicas, vitais e sublimes».

Formouse inicialmente en piano e composición —cun antigo alumno de Carl Nielsen— e ampliou posteriormente os seus estudos a violoncello, percusión e dirección. Tras completar a súa formación na Real Academia Danesa de Música, perfeccionou a súa técnica en Londres con Norman Del Mar e en clases maxistrals con Franco Ferrara e Leonard Bernstein. O seu nomeamento como director asistente de Seiji Ozawa na Boston Symphony Orchestra marcou o inicio da súa carreira internacional.

Colaborou con algunhas das principais orquestras do mundo, como a Gewandhausorchester Leipzig, a Sinfónica de Viena, a London Symphony Orchestra, a New York Philharmonic

ou a Orquestra de Cámara de Europa, e participa regularmente en festivais como os BBC Proms, Salzburgo, Edimburgo ou Tanglewood. Mantén unha estreita colaboración coa Orquestra Filharmónica de Bergen, coa que está a gravar a integral das sinfonías de Bruckner.

Na actualidade é director principal convidado da Orquestra Sinfónica e Coro de RTVE e director convidado honorario da Filharmónica de Copenhague. A súa ampla discografía —con máis de cen gravacións, varias delas candidatas aos premios Grammy— e o seu compromiso coa educación musical completan un perfil artístico de referencia. En 2025 publicou o seu primeiro libro de poemas, *Flaskepost*.

NOTAS AO PROGRAMA A DERRADEIRA HISTORIA

Esta noite visita o Auditorio a Orquestra Sinfónica de Galicia dirixida por Thomas Dausgaard cun programa conformado por unha obra enigmática e monumental: a *Sinfonía núm. 9* en re m (WAB 109) de Anton Bruckner (1824-1896).

O mestre austríaco naceu no seo dunha familia humilde orixinaria dunha pequena vila da zona alta de Austria chamada Ansfelden o 4 de setembro de 1824. Os seus primeiros pasos profesionais non foron na composición, campo ao que non se achegou ata a madurez, arredor dos corenta anos. Nun principio, traballou como mestre de escola substituindo o seu pai e posteriormente, en 1856, obtivo a praza de organista na catedral de Linz. Uns anos máis tarde, trasladou a súa residencia a Viena, onde viviu ata o final dos seus días, e alí exerceu como profesor de órgano no Conservatorio e tamén foi organista da Corte Imperial. Neses mesmos anos coñeceu a Wagner na primeira representación do

Tristán e Isolda en Múnic e quedou fascinado, comezando unha auténtica veneración por el. Este feito, entre outros motivos, tivo consecuencias na acollida das súas obras posto que a sociedade vienesa do último terzo do século XIX estaba fragmentada entre os partidarios da música absoluta (corrente representada por Brahms e encabezada polo crítico musical Hanslick que defendía que a música debía ser só forma e estrutura) e aqueles outros que pretendían a fusión da música con outras artes, como Liszt ou Wagner. A admiración de Bruckner cara a este último pareceu colocalo nun bando en concreto do debate, cando en realidade os estilos dos dous autores foron bastante diferentes.

As influencias máis importantes que impregnan a obra de Bruckner son Mozart (especialmente no repertorio sacro), Beethoven e o xa citado autor da Tetraloxía do *Anel*. A obra relixiosa ocupa un papel destacado no seu catálogo, xa que foi un fervoroso crente

e estivo moi ligado ao Cecilianismo, movemento desenvolvido durante o século XIX que pretendía recuperar o canto gregoriano na súa forma primixenia e máis pura, así como a polifonía renacentista, especialmente a de G.P. Palestrina. Todos estes aspectos plasmáronse nas súas sete misas e o seu célebre *Te Deum*. Non obstante, o máis aclamado e recoñecido da súa produción son as nove sinfonías (máis dúas previas non numeradas) que presentan unha serie de características comúns. En primeiro lugar, todas elas teñen unha gran lonxitude e monumentalidade e están divididas en catro movementos que se estruturan en formas clásicas. Habitualmente hai relación temática entre movementos, como xa fixera Beethoven na súa *Novena* sinfonía, e tamén recorre con frecuencia ás diversas técnicas do contrapunto no tratamento do material musical. A súa técnica de orquestración está moi influenciada por un pensamento propio do órgano, o seu instrumento, intentando trasladar moitos dos recursos idiomáticos deste ao conxunto –como os bloques de sons– e tamén son habituais os corais

de instrumentos de metal na liña wagneriana.

A obra que hoxe nos ocupa, a *Sinfonía número 9* en re menor (WAB 109) de Bruckner é identificada por moitos autores como unha especie de testamento teolóxico e vital do autor, xa que foi a súa última composición antes de morrer. Cómpre sinalar que o feito de escribir 9 sinfonías é algo simbólico que o relaciona directamente con Beethoven, Schubert, Dvořák ou Mahler que así o fixeron tamén. Os primeiros bosquejos da obra datan do verán de 1887, porén, o rexeitamento da súa *Sinfonía número 8* desanimou a Bruckner, propenso ás inseguridades, quen abandonou a composición da nova sinfonía ata o mes de abril de 1891. Os seus achegados comentaron que a dedicatoria que tiña pensada era «Ad majorem Dei gloria» (para a maior gloria de Deus) e que despois do seu 70 aniversario sinalou: «Cumprín co meu deber na terra. Logrei o que puiden e o meu único desexo é que se me permita rematar a miña *Novena Sinfonía*. Tres movementos están case completos. O *Adagio* está case rematado. Só

queda o *Finale*. Confío en que a morte non me prive da miña pluma. Se el se nega, entón deberei asumir a responsabilidade de que estea incompleta». O 30 de novembro de 1894 finalizou o terceiro movemento, pero o autor non foi quen de concluír o último, que quedou esbozado en distintos fragmentos á súa morte o 11 de outubro de 1896 despois dun largo padecemento por mor dunha pleuresía. A sinfonía deuse a coñecer en Viena o 11 de febreiro de 1903 baixo a dirección dun discípulo de Bruckner, Ferdinand Loëwe. Como último movemento ofreceuse o *Te Deum* do compositor, xa que supostamente así o deixara escrito aquel. Non obstante, anos despois, na década dos 30 e logo dun concienciado estudo sobre a sinfonía, chegouse á conclusión de que Loëwe, coa mellor das intencións, interviñera, e bastante, sobre a obra, polo que se publicou a versión auténtica e definitiva en 3 movementos, a *Originalfassung*, que sería a «incompleta» do autor e a máis interpretada hoxe en día. Porén o periplo desta misteriosa sinfonía non rematou así e foron diversos musicólogos os que traballaron sobre os bosquexos do cuarto movemento

para intentar rematar da maneira máis fiel posible o *Finale*, destacando especialmente William Carragan nos anos 80 ou xa no século XXI e de forma colectiva Nicola Samale, John Alan Phillips, Benjamín-Gunnar Cohrs e Giuseppe Mazzuca. Esta última versión coñécese como SPCM polas siglas formadas polos apelidos dos seus creadores e foi estreada en febreiro de 2012 por Simon Rattle e a Filharmónica de Berlín. Hoxe a Orquestra Sinfónica de Galicia interpreta esta versión da *Novena* de Bruckner precisamente co director que a deu a coñecer por primeira vez en España en 2014 coa Orquestra de Valencia.

A sinfonía contén numerosas auto citas (*Kyrie* e *Miserere* da *Misa en re menor*; *Benedictus* da *Misa en fa*; o tema fugado do *Finale* da *Quinta Sinfonía*, o tema principal de *Sétima* e o *Adagio* da *Oitava*) e tamén doutros autores como Wagner, ademais de compartir tonalidade con dúas obras míticas, a *Novena* de Beethoven e o *Requiem* de Mozart. A súa orquestración é a que segue: madeiras a tres, 8 trompas (4 e 4 tubas wagnerianas), tres trompetas,

tres trombóns, unha tuba, timbais e corda. A versión que escoitaremos consta de 4 movementos: *Feierlich, Misterioso* (Solemne, misterioso), *Scherzo* (*Bewegt, lebhaft*; movido e vivo), *Adagio* (*Sehr langsam, feierlich*; moi lento e solemne) e *Finale. Misterioso* (*Nicht Schnell*; non rápido)

O primeiro, *Feierlich, Misterioso* (Solemne, misterioso) estruturábase como unha forma sonata de grandes dimensións: unha exposición con 3 temas, un desenvolvemento longo con 5 episodios e a recapitulación. Todo isto está precedido dunha introdución típica das obras sinfónicas do mestre austríaco que se deu en chamar «comezo da nada»: o movemento xorde de maneira vaga e confusa sobre un trémolo nas cordas. A presenza de tres temas na exposición é relacionada por algúns autores coa Santísima Trindade dada a profunda relixiosidade de Bruckner, namentres o filósofo Eugenio Trías tiña a súa propia explicación: «o primeiro tema é a voz maxestosa de Deus o Pai, o segundo unha canción amorosa e o terceiro unha síntese que anticipa os conflitos do Desenvolvemento». Cabe destacar tamén a presenza

de figuras retóricas musicais da tradición occidental como a énfase (cando o primeiro tema da exposición é interpretado en *tutti* pola orquestra) ou diapasón (dada a presenza dun salto de oitava nese mesmo tema inicial da exposición).

A continuación, o segundo, *Scherzo* (*Bewegt, lebhaft; Movido e vivo*) que foi descrito por Tranchefort como unha «atmosfera apocalíptica» e por outros autores como «violencia e voces dende o inferno». A súa estrutura é a habitual neste tipo de movementos: *scherzo-trío* e de novo *scherzo*. A sección central, o trío, contrasta claramente en carácter, moito máis inxenuo, lixeiro e bailable, á maneira dun *Ländler* (danza rústica austríaca en tempo de valse).

Logo, escoitaremos o *Adagio* (*Sehr langsam, feierlich*; moi lento e solemne) que como no primeiro, consta de tres temas. O inicial, alude ao amor e nel atoparemos varias referencias a leitmotivs wagnerianos como o inicio do *Tristán e Isolda* (aínda que neste caso o salto é máis amplo, 9ª en lugar de 6ª); a espada de Sigfrido ou o santo Grial de *Parsifal*. Unha transición condúcenos ao

tema B, que consiste nunha fanfarra de metais que nos transmite certa sensación de estatismo. O último tema, C, é de carácter lírico e amoroso. Este movemento funciona así como un verdadeiro «testamento» musical e, de feito, sobre un dos compases Bruckner engadiu a inscrición «adeus á vida».

Por último, o *Finale. Misterioso (Nicht Schnell; non rápido)* reconstruído como sinalamos con anterioridade. Este movemento mostra un estilo complexo co emprego de progresións de tritón, a presenza dunha gran fuga e dunha coda de carácter cíclico na que se retoman temas do primeiro movemento (trazo frecuente do autor) que se mesturan cos deste último acabando a obra de maneira triunfal.

Carme Tubío Barreira

PRÓXIMO CONCERTO
IMPRESIÓNS NOCTURNAS

XOVES 22 XANEIRO (18€)
Auditorio de Galicia, 20.30h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA
Johanna Malangré, directora
Alexandra Dariescu, piano

Cometa: Encarga a Lula Romero. Estrea absoluta
Maurice Ravel: Pavana para unha infanta defunta
Maurice Ravel: Concerto para piano en Sol maior
Gabriel Faure: Suite de Pelléas et Mélisande, Op. 80

CONVERSANDO CON... Johanna Malangré
Sala Mozart, 19.45 h

AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo
das Nacións, s/n
15705 Santiago
de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

981 571 026 | 981 573 979
981 542 462

OFICINAS

981 552 290 | 981 574 152

rfgalicia.org

compostelacultura.gal

INSTAGRAM

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.instagram.com/realfilharmoniadegalicia)
[@compostelacultura](https://www.instagram.com/compostelacultura)

FACEBOOK

[RealFilharmoniadeGalicia](https://www.facebook.com/RealFilharmoniadeGalicia)
[CompostelaCultura](https://www.facebook.com/CompostelaCultura)

X

[@CCultura](https://www.x.com/CCultura)

TIKTOK

[@realfilharmoniadegalicia](https://www.tiktok.com/@realfilharmoniadegalicia)

FILHARMONÍA
DE GALICIA

2025/26
30 ANIVERSARIO

AUDITORIO DE GALICIA

